

## **OS CONCELLOS RIBEIREÑOS REÚNENSE EN VILAGARCÍA PARA PRESENTAR UNHA NOVA EDICIÓN DO PROGRAMA “GOZA DO ULLA”**

O Concello de Vilagarcía acolleu o xoves día 10 a presentación dunha nova edición do “Goza do Ulla”, o programa de rutas de sendeirismo en 20 dos municipios polos que discorre este río. As camiñatas poranse en marcha o 26 de maio e rematarán o 28 de outubro.

O programa Goza do Ulla naceu en 2011 coa participación de 5 concellos ribeireños. Sete anos despois, toman parte nel 20 municipios das tres provincias polas que discorre o Ulla. Son os concellos de A Estrada, Agolada, Antas de Ulla, Arzúa, Boqueixón, Catoira, Dodro, Monterroso, Padrón, Palas de Rei, Pontecesures, Rianxo, Santiso, Silleda, Teo, Touro, Valga, Vedra, Vila de Cruces e Vilagarcía.

O alcalde de Vilagarcía de Arousa, Alberto Varela Paz, presidiu o acto no que lembrou que Vilagarcía non foi un dos concellos fundadores do programa, “pero vimos pronto a potencialidade da mesma e as oportunidades que representaba unir forzas a nivel supramunicipal para crear un gran recurso turístico baseado na natureza, o patrimonio, a cultura, a etnografía e a gastronomía”.

Varela apuntou que “os vinte concellos temos atractivos máis que suficientes e de gran valor para amosar, dos que presumir e aos que sacarlle un rendemento sostible, acorde cos tempos nos que vivimos, dos que podemos gozar respectando e poñendo en valor o medio natural e rural, tal como poderemos comprobar en cada un dos roteiros que temos preparados para este ano”.

A reunión serviu tamén para sentar as bases para a creación da Gran Ruta do Ulla, que se articulará unindo os roteiros habilitados por cada concello, de xeito que se contará con máis de 250 quilómetros de sendeiros ininterrompidos que terán como nexo común a curso fluvial. O alcalde de Vilagarcía felicitou a todos os concellos por “saber aproveitar as nosas sinerxias co obxecto de poñer en marcha este ambicioso proxecto para o cal buscaremos obter a homologación como Gran Ruta por parte da Federación Galega de Montañismo e a inclusión na Rede de Camiños Naturais do Ministerio de Medio Ambiente”.

Este gran proxecto, que conta co compromiso de participación da Xunta de Galicia na redacción do proxecto e na execución da actuación, “repercutirá de forma moi positiva nos nosos municipios”.

Para a posta en marcha desta iniciativa, é preciso constituír unha asociacións cos concellos participantes. O borrador dos estatutos xa está elaborado e remitirase en breve a todos os municipios para que o revisen antes de proceder a súa aprobación e a constituír oficialmente a entidade.

Na programación deste ano 2018, a data elixida para Touro foi o 27 de outubro e o sendeiro proposto une o Concello de Arzúa e Touro desde a Fervenza das Hortas, tamén chamada de Santa Marta ata a Ponte Basebe.

As persoas interesadas en seguir este programa poderán ter máis información nos concellos participantes, [gozadoulla@gmail.com](mailto:gozadoulla@gmail.com), <https://www.facebook.com/GozadoUlla>.